

## **BORRADOR ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 17.02.2014**

### **ORDE DO DIA**

- 1.- Aprobación das actas anteriores**
- 2.- Revisión dos membros da comisión de seguimento da piscina de Chapela**
- 3.- Piscina de Chapela: Chimenea, etc.**
- 4.- Vitrasa (Trasnporte metropolitano)**
- 5.- Orzamentos participativos do 2013**
- 6.- Situación da AP-9**
- 7.- Pasarela da vía do tren en Cubillón**
- 8.- Terreos da finca da “Jinaria”**
- 9.- Estado da expropiación terreos entrada a Cidadelle**
- 10.- Obra do Penisal, Camiño Ánimas, etc.**
- 11.- Adopción de acordo sobre actas do consello parroquial**
- 12.- Rogos e preguntas**

#### **1.- Aprobación das actas anteriores.**

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas do día dezasete de febreiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M<sup>a</sup> Nieves Boullosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión ordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

### **REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS**

PP: Teresa Paris Blanco

PSOE: Eduardo Reguera Ocampo

BNG: Xosé Xabier Balsas Barbeira

### **3.- REPRESENTANTES ASOCIACIÓNS VECIÑOS**

- Roberto Villar Rodríguez
- Cesar Domínguez Fernández
- María Esther Barreiro Villar

### **3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI**

- Fernando Casas Gómez

### **1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS**

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

## **1.- REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE MONTES**

- Francisco Puch Casal

## **1.- REPRESENTANTE DAS ANPAS**

- Carlos Álvarez Vidal

## **1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE MULLERES**

- María Jesús Moreira Covelo

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

### **1.- Aprobación das actas anteriores**

Pola Presidencia sométense a aprobación as actas dos Consellos Parroquiais celebrados en datas 11.02.13, 01.10.13, 14..10.13 e 08.11.2013. Quedan aprobadas por maioría dos/as membros presentes coa abstención nas actas de data 11.02.13, 01.10.13 e 14.10.13 do Sr. Reguera Ocampo, Balsas Barbeira, Villar Rodríguez, Domínguez Fernández, Cela Acevedo, Puch Casal e Álvarez Vidal.

A Petición do Sr. Álvarez Vidal, modifícase o punto 4º da acta de data 14.10.13, que debe dicir que as Anpas e o centro opoñense á ubicación da gardería.

### **2.- Revisión dos membros da comisión de seguimento da piscina de Chapela**

Teresa Paris, expón que como se tomou o acordo no consello parroquial do nomeamento dos membros da comisión de seguimento da piscina de Chapela, e nas últimas comisións non asistiu ningún membro da Asociación de Veciños, o mellor sera nomear outro membro para poder participar na comisión de seguimento.

Roberto Villar, manifesta que a Asociación de Veciños tomou unha postura polo conflito da Asociación co Consello Parroquial e di que non é procedente que se poña outro colectivo, xa que un novo membro non se vai enterar de nada, e o que hai é que solucionar o problema coa Asociación de Veciños para que este non Consello, e xa que neste momento esta vacante o posto da Asociación de Empresarios o podería ocupar a Asociación de Veciños porque hai que dialogar.

Cesar Domínguez, manifesta que debe convocarse a mesma comisión e solucionar o problema coa Asociación de Veciños, nomear unha comisión é empezar de novo, e o que hai é que subsanar o problema da mellor forma posible.

Xabier Balsas, manifesta que non é cuestión de desidia da Asociación de Veciños e de todas formas que se siga convocando e solucionar o problema porque hai un conflito que afecta a todos os veciños de Chapela.

O Presidente di que intentou que se reuniran os colectivos veciñais e non se chegou a un acordo xa que non poden estar 4 ou 5.

Eduardo Reguera, manifesta que a Asociación de Veciños ten que formar parte da comisión, estase eternizando a comisión porque se convoca cada 6 meses, e hai que reunirse mais a menudo.

Os membros do Consello parroquial acordaron que permanezcan na comisión de seguimento da piscina os membros que se acordaron anteriormente no Consello Parroquial.

### **3.- Piscina de Chapela: Chimenea, etc.**

O Presidente manifesta que na piscina de Chapela xa houbo problemas tamén coa deshumectadora e o Concello fixo o pago e agora estase mirando de quen ten que pagala, e que coa chimenea pasa  $\frac{3}{4}$  do mesmo estase coa valoración e informes dos técnicos de si adelanta os cartos o Concello e de si é ou non nocivo, de que o proxecto sufriu modificacións porque a caldeira non iba a ir nese sitio, e o tema da chimenea non é tan vital para o funcionamento.

Roberto Villar, manifesta que hai que poñer un aparato para saber si é toxico ou non, fíxose unha denuncia porque o Concello non estaba facendo nada dende setembro e o veciño xa tiña os fumes e non se sabe si son tóxicos ou non.

O Presidente di que o tema esta en que si hai que poñer outra máis alta ou mais baixa, ou quen paga iso, polo que se necesita informe dun técnico que diga o que hai que facer.

Cesar Domínguez, di que hai que diferenciar dúas cousas: Un veciño que lle entran gases pola ventá e que é unha deixadez do Concello que non controlou todavía o tipo de gases, e outra que costa uns cartos que vai pagar non se sabe quen pero iso é decisión entre políticos e empresa.

O Presidente manifesta que para facer calquer modificación necesítanse informes técnicos e da Secretaria para poder habilitar partida, e que a deshumectadora a pagara quen diga os informes.

Roberto Villar, pregunta a quen se lle vai reclamar a deshumectadora, si a Paraxe, Antalsis ou Arquitectura Arealonga, xa que o Concello tera que reclamar a quen diga nos informes, e pide que no próximo Consello se leve informes da deshumectadora.

O Presidente di que a chimenea non é vital para o funcionamento.

Baltasar Cela di que é vital para os veciños, xa que un informe técnico dun fume non é tan difícil.

Roberto Villar, di que si o contaminante esta diante da casa ponse un aparato que mide os gases non ten que depender da Xunta nin de nadie, o señor ten unha neta que non poder levar a súa casa e desde setembro esta sin solucionar o problema e pedimos que se solucione o tema xa.

Cesar Domínguez, di que se pida o gabinete técnico de Rande que vaia a piscina e faga unha medición.

Puch Casal, di que hai unha veciña que esta sufrindo os fumes e é importante mirar os informes.

Xabier Balsas, di que o procedemento debería ser distinto e mais rápido, antes de correr o risco de que un señor se este contaminando na súa casa.

#### **4.- Vitrasa (Trasnporte metropolitano)**

O Presidente di que houbo acordo plenario dos grupos políticos sobre o transporte metropolitano e que hai unha xuntanza convocada para o día 4 de marzo, e convocarase un Consello parroquial para informar e poder trasmitilo á cidadanía.

Cesar Domínguez, manifesta que a cidadanía de Chapela e Redondela esta metida nunha guerra colateral e falta vontade política, que non esta contento coa resposta do Concello, ten que ser unha resposta mais contundente, xa que poñer Autos González unha línea mais non é solución.

O Presidente manifesta que o transporte metropolitano tamén é bo para a cidadanía de Vigo, xa que hai que miralo en positivo.

Francisco Puch, manifesta que hai que unir os criterios que nos afectan a todos, un Alcalde ten que ter unha idea xeral e convocar un Consello e explicar as cousas claras.

Eduardo Reguera, di que o día 8 a Asociación de Veciños presentou un escrito no Concello e o Alcalde reaccionou os 15 días, e que el non vai convencer a Abel de que siga subvencionando isto, e co Alcalde de Redondela tarda 15 días en convocar unha reunión. Que el estivo reunido despois de 15 días co Alcalde de Vigo e ese mesmo día chamou o Concelleiro de urbanismo pedindo unha cita. Que o Alcalde tiña que facer algo o día seguinte de que presentaran o escrito xa que os veciños de Chapela estan afectados, que non se lles pode votar a culpa e que a día de hoxe o Alcalde non se reuniu co Alcalde de Vigo e isto é política.

O Presidente di que esta buscando solución aos problemas e que hai que estar todos a unha.

Roberto Villar, di que Redondela non pode asumir subvencionar os billetes isto depende dun convenio político que estaba parado, cas tarxetas caducan e non se poden

renovar e que o conflito valeu para recoñecer o Alcalde de Vigo que as infraestructuras de Vigo están mermando o patrimonio de Redondela.

Cesar Domínguez, manifesta que vitrasa decidiu facer a circunvalación porque se levaba 40 anos con Autos González e non daba servizo nengún pola Avda. Redondela., e loitando por unha comunicación fluida e con prezos asequibles.

O Presidente di que hai que abrir varias vías de comunicación que Autos González tería que ir a Estación de autobuses.

M<sup>a</sup>. Jesús Moreira, di que non entende como en Madrid non hai problema para comprar bonos e non se vive ali e aquí fai falta estar censado.

Francisco Puch, pide que cando se sepa algo se informe.

O Presidente manifesta que farase unha xuntanza para todos.

Francisco Puch, di que o mellor é que veña o Alcalde e diga como esta a situación.

## **5.- Orzamentos participativos do 2013**

O Presidente manifesta que en relación coas obras dos orzamentos participativos quedou pendente de retocar e pintar os pasos elevados en Avda. San Telmo.

Baltasar Cela, manifesta que rebota todo o mundo porque estan sin pintar e non se miran.

Roberto Villar, di que non estan moi ben feitos e non sabe si se van a retocar.

O Presidente manifesta que o paso elevado de abaixo non quedou ven rematado e mentres non pasen as chuvias non se pode arranxar.

Carlos Alvarez, manifesta que a canle de auga (rego) no colexio Igrexa esta sin terminar, xa que falta sinalización, a valla esta tumbada e en calquer momento os nenos poden saltar.

O Presidente manifesta que en relación co proxecto para a mellora do acceso e o acondicionamento exterior do multiusos do Piñeiral do Crego, hai informe de Intervención, Aparellador e Arquitecto que se pediron dous orzamentos e un pasabase de prezo e o outro a empresa decidiu renunciar a él, hai un anteprojecto que estan revisando os técnicos.

Roberto Villar, pregunta si hai vontade política de levalo a cabo.

O Presidente manifesta que hai que facelo por partes que non se pode facer todo dunha vez, xa que isto é inversión, e hai mais de 12 muros que cairon e hai que sacar adiante, e si os veciños cederan xa se poderia acometer as obras de asfaltado.

Roberto Villar, manifesta que polo menos facer a entrada, porque non esta ven sinalizado o multiusos nen os aparcamentos, e últimamente hai bastante actividade no multiusos.

Francisco Puch, manifesta que habera que facer expropiación desde que se empezou hai 3 anos xa podia estar feito.

O Presidente di que o primeiro a facer é donde se tirou o carballo.

Roberto Villar, di que non se vai poder executar ben o proxecto por culpa dun terreo que custa 200 euros xa debería estar expropiado hai tempo.

Cesar Domínguez, manifesta que isto é un tema mais de cando as cousas se fan a medias, si no seu día se fixera todo seguido xa estaba feito, primeiro o dono pedia entrada por outro lado, agora un rótulo no terreo, si se tomara as medidas cando hai que tomalas xa estaba, e agora custa o que custa.

Francisco Puch, di que o señor non pode perxudicar a todos os veciños.

Cesar Domínguez, manifesta que o acceso habia que facelo decente, seguirase discutindo e non se da solución ao acceso nin o alumeado.

O Presidente manifesta que do proxecto de hai 2 ou 3 meses xa esta mais ampliado con variacións.

## **6.- Situación da AP-9**

O Presidente manifesta que en relación coa AP-9 non se ten contestación de Fomento e que o 25.02.14 o Alcalde vai a Madrid a tratar entre outros temas: A situación da AP-9 e a pasarela da vía do tren en Cubillón .

Roberto Villar, pregunta si o vai a recibir a Ministra porque a única persoa que fala da ampliación é a Ministra e quere que se explique que pasou con Angel del Río xa que parece que a Asociación esta vetada e que reacción hai no Concello, un funcionario do estado Angel del Río esta vetando a Asociación porque cando se lle apretan as pilas os veciños estan vetados e pide que dende o Consello se leve a pleno o veto, porque para darnos unha mala noticia no la da a Secretaria por teléfono.

O Presidente di que non se pode responsabilizar ao Concello porque non os recibe a Ministra.

Cesar Domínguez, manifesta que o Alcalde estaba comprometido a ter unha reunión cos veciños e explicar o tema esa reunión estaba dada por feito, esta convencido de que Del Río dixolle que non os quería recibir, o mais agravante e que o Alcalde esta na mesma línea da Ministra e Angel del Río, que levan esperando pola reunión fai 4 meses e a única persoa que lles podía clarificar o da AP-9 é a Ministra.

Eduardo Reguera, manifesta que tiñan que reunirse coa Deputada, ela foi elixida polos veciños da provincia de Pontevedra, que manden un escrito e que os reciba a Deputada.

O Presidente manifesta que o Alcalde estuvo pedindo varias reunións e non llas deron e agora vai a Madrid.

Roberto Villar, manifesta que tiveron que mandar un burofax a Madrid que custou 28,03 euros porque estan vetados, pedindo información que o Ministerio non da, dende 2011 cada vez que protestan se lle da unha solución para a semana, o mesmo cos problemas da parroquia para a semana, para o ano e as familias estan dende o 2008 coa incertidumbre, ten que haber unha resposta contundente do Pleno do Concello do veto que esta a padecer a veciñanza., que lles deben unha reunión e non lla dan que manda mais Audasa que Fomento, sempre son impedimentos nadie sabe o que se vai facer nesa ponte e Chapela.

Francisco Puch, di que o proxecto esta no Concello de Redondela o executivo xa o anterior goberno o tiña.

Roberto Villar, manifesta que pediuse ao Concello que fixera un estudio de patrimonio e di que non hai cartos que o faga Fomento e Fomento que o faga o Concello, estase falando do patrimonio de Redondela.

Francisco Puch, manifesta que dende o Concello hai que esixir que os reciba a Ministra, que mandaron un burofax a Ministra e a Pepe Blanco o cal lles contestou e espera que a Ministra faga o mesmo polo menos que conteste.

Roberto Villar, di que non poden denunciar o ruído porque non teñen competencias e non saben que explicación dar aos veciños.

Baltasar Cela, di que outras veces que pediron que fixeran algo polos ruidos o Concelleiro dixo que si detectaban algo que se farían as medicións, pero están mal feitas.

## **8.- Terreos da finca da “Jinaria”**

O Presidente manifesta que pediuse valoración dos terreos e houbo unha xuntanza de voceiros, pero hai que ser cautos en canto a cantidade e valoración, e mirar si hai outros terreos o Concello non ten cartos para comprar o terreo, estase con negociacións, si Fomento tivera a ben poñer o diñeiro e comprar eses terreos.

Roberto Villar, manifesta que hai que mover o colexio de ahí que o día 25 o Alcalde leve o tema do colexio a Fomento.

Francisco Puch, manifesta que ese terreo si se busca esta comprando con cartos públicos, Audasa recibía subvencións públicas, ese terreo foi comprado con diñeiro público.

O Presidente, manifesta que hai que mirar como se pode conseguir ese terreo con cartos do Concello ou compralo Fomento. Hai unha valoración dun millón de euros.

Roberto Villar, di que a petición dos terreos ten que desvincularse da AP-9.

Francisco Puch, manifesta que queren ser participes destes temas que saben mais deste tema que o Alcalde, pero o Sr. Del Río anda a vetar a un colectivo.

Cesar Domínguez, di que espera que a volta da viaxe do Alcalde de Madrid sexan convocados e lles explique algo da reunión de Madrid.

### **9.- Estado da expropiación terreos entrada a Cidadelle**

O Presidente manifesta que o expediente da expropiación esta no xurado de expropiación pendente de resolución.

### **10.- Obra do Penisal, Camiño Ánimas, etc.**

O Presidente manifesta que no departamento de contratación estan cos pregos para sacar a licitación.

Roberto Villar, pregunta si as tuberías novas do torreiro se poden enganchar, xa que Aqualia di que no momento que se arranxe vai pola línea nova.

O Presidente manifesta que hai todas as autorizacións.

Roberto Villar, pregunta cal vai ser o prazo de execución.

O Presidente manifesta que sera mellor esperar a que acabe o instituto para evitar problemas.

### **11.- Adopción de acordo sobre actas do consello parroquial**

O Presidente manifesta que as actas colgaranse na páxina web no momento que se incorpore a persoa responsable de novas tecnoloxías, que neste momento atopase de baixa.

Que nos próximos consellos hai que empezar a facer aportacións para o novo Regulamento

### **12.- Rogos e preguntas**

Roberto Villar, pide os informes sobre o incendio de dous colectores do lixo situados no Centro de Deportes Acuáticos de Chapela, xa que arderon porque según parece votaron borralla da piscina.

O Presidente manifesta que Urbaser colocou outros contenedores e que os pagara Aqualia.

Cesar Domínguez, pregunta como funciona o contrato de Urbaser, si hai un estudio de cantos contenedores hai que poñer en algún sitio de papel, vidro.



O Presidente manifesta que os ratios estan por encima e que se estan sacando planos para ampliar o percorrido, e que é mais caro o servizo no rural que na Vila.

Cesar Domínguez, manifesta que a empresa ten que manter un número de contenedores porque antes donde había 3 agora hai 1 para todo, e teñen obriga de repoñer os contenedores, que si no centro de Redondela se queima un contenedor o día seguinte hai outro.

Francisco Puch, pregunta si sobre o centro de día de Trasmañó se fixo un estudio serio, porque as prazas non chegan para nada e iso é tirar cos cartos.

María Esther Barreiro, manifesta que a ubicación do centro de día esta moi ben.

O Presidente manifesta que o centro de día de Trasmañó esta dentro do Plan Marisma.

Teresa Paris, manifesta que o centro de Trasmañó é municipal.

Xabier Balsas, manifesta que si non chega abra que facer outro.

Cesar Domínguez, manifesta que esta dacordo que se faga pero que vai ser un veto para cubrir as necesidades de Chapela, hai que facer algo que sirva, que teña futuro porque para 38 persoas non da para nada.

Teresa Paris, manifesta que hai centros de día que estan pechando.

Xabier Balsas, manifesta que lle gustaria saber en que Concellos estan pechando centros de día.

Francisco Puch, manifesta que non é o sitio idóneo enfrente do cemiterio.

Roberto Villar manifesta que esta dacordo que se faga pero que non se diga que é o centro de día de Chapela. Trasmañó e Cabanas.

Xabier Balsas, manifesta que o centro de día sera para a xente que o necesite.

María Esther Barreiro, manifesta que o centro de día son para persoas que non son hábiles para moverse.

Roberto Villar, manifesta que colocaron un cartel publicitario na estrada do Torreiro de Chapela, e que chamaron a policía e que esta lles dixo que tiñan licenza e os informes correspondentes e no PERI de Chapela di que hai un mercado. É imposible que teña licenza.

O Presidente, manifesta que os carteis son os mesmos que antes, e que o único é que non hai permiso para ocupación de vía pública.

Roberto Villar, pide os informes porque o cartel esta ilegal e non é a primeira vez que dicen que ese cartel esta mal e quere que se investigue como esta a licenza municipal.

Baltasar Cela, manifesta que non hai sinal de tráfico na esquina do camiño do Galo e que as silvas da rotonda seguen sen cortar.

O Presidente manifesta que o propietario da finca das silvas xa esta denunciado.

Carlos Alvarez, pregunta si hai un estudio da policía para o Instituto.

Roberto Villar, manifesta que o concelleiro de tráfico dixo que a policía non pode estar en todas as partes.

O Presidente manifesta que a policía ten que facer un informe de cómo esta o tráfico.

Cesar Domínguez, manifesta que para que a policía faga informe algun tera que mándalos e preguntarlle si ten o informe feito.

O Presidente manifesta que o día seguinte preguntara como esta o informe.

Cesar Domínguez manifesta que a veces non se fai un estudio para facer ben as cousas, como o paso de peóns que xa foi feito de mala gana ou a rotonda que é outra aberración ou o paso enfrente a farmacia xa que non é o sitio idóneo.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinteduas horas e trinta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.